

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Avanzado 👉👉👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-C5-Construción

A peza chave

Actividade elaborada coa colaboración de



Construcción 5

Achega



- Pezas de construcción en madeira
- Conectores impresos en 3D (tes 2 de mostra pero deberás imprimir máis en 3D. Os arquivos .stl están na descarga do qr. Se a peza encaixa con dificultade podes lixala un pouco)
- Porcas, parafusos e desaparafusador (recomendable)
- Bridas e tensores metálicos

Observa

Non deformes as pezas: a forza que podes facer collendo a porca cos dedos é suficiente para a montaxe. Unha vez montado un nó tenta separar a pezas.

Indaga

- Tenta separar dous nós tirando. Que sucede? Podémolo arranxar co material do que dispoñemos?
- Apoia as estruturas nos dous extremos e fai forza cara abaixo amodiño cargando polo centro. Podes facelo entre dúas mesas. Defórmanse? Cal se deforma menos? Por que?
- Cando a estrutura se deforma moito os nós poden desfacerse. Podemos arranxar isto?
- Cando apertas os parafusos, que sucede? Onde se producen as tensións? Pódense rachar as pezas 3D?
- Que aportan á construción as bridas e os tensores?



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.